

Bergondo en feminino: camiños de igualdade

Unha viaxe para descubrir
a mulleres históricas
do Concello



Que é «Bergondo en feminino, camiños de igualdade»?

«Bergondo en feminino, camiños de igualdade» é un proxecto de visibilización de mulleres históricas do Concello. Busca recoñecer e divulgar as súas achegas á sociedade a través de produtos socioculturais para a sensibilización en materia de xénero.

Comeza a súa andaina no 2019, cun obradoiro participativo para a investigación da historia mulleres deste territorio. Nese ano xeramos un roteiro con nove homenaxeadas e un pasquín coa principal información de cada unha. Este proceso complementouse co renomeamento dos centros sociais de Bergondo cos seus nomes no 2020, a elaboración de videoguías e un mapa interactivo.

No 2021 e 2022 continuamos co proceso de investigación, rescatando a historia das cinco mulleres que poderás coñecer nestas páxinas.

Contidos

Rexenerando S. Coop. Galega

Deseño

Nadina Gráfica

Un proxecto do Concello de Bergondo financiado pola liña de axudas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (Ministerio de Igualdade)

Maio de 2022



—Obradoiro de investigación participativa no 2019

Que é este material?

Este material que tes nas mans vén dar continuidade ao pasquín elaborado no 2019. Recolle unha pequena biografía das cinco mulleres homenaxeadas en 2021 e 2022, froito dos obradoiros de investigación comunitaria nos que participaron activamente o grupo de voluntariado de Bergondo, a Asociación San Xoán de Ouces e a veciñanza de Cortiñán.

Complementábase cunha listaxe cos enlaces ás videoguías das catorce figuras seleccionadas no marco deste proxecto, e un mapa cos emprazamentos dos seus lugares de vida.

Os diferentes elementos de «Bergondo en feminino» propoñen unha viaxe pola memoria e polo territorio da man das mulleres pioneiras, das esquecidas, das invisibles, das rebeldes, das que abriron camiño.

Acompáñanos?

Antonia Pato Pardo

1929 - 2005



Mulleres que dedican a súa vida ao benestar da comunidade. Mulleres como Antonia Pato.

Esta veciña de Ouces, mestra e monxa, é unha persoa moi activa no social. Monta unha escola para atender as crianzas da parroquia, primeiro no centro social que hoxe leva o seu nome e logo na casa. Convértese en monxa segrar da Grande Obra de Atocha e marcha a Uruguai como misioneira para levar a cabo a primeira fundación do Instituto Secular «Hijas de la Natividad de María», onde tamén é directora doutro centro nun barrio vulnerable no que fai formación integral a mulleres.

Xa de volta a Bergondo participa das labores da igrexa de Ouces, onde imparte catequese e fai a base de datos do cemiterio parroquial, entre outras tarefas. O seu perfil de axuda humanitaria queda patente noutro episodio na década dos 70, neste caso coas persoas refuxiadas da Guerra de Laos que viñeron parar a este municipio. Implícase activamente no seu benestar e integración, apoiando a súa regularización e procurando que teñan traballo e ingresos.

María Vázquez López

1904 - 1991



Alimentar e cociñar son traballos imprescindibles para a vida, aínda que normalmente reciban pouco recoñecemento cando son mulleres quen os desenvolve.

María Vázquez López, «María de Lorenzo» é unha veciña de Ouces moi lembrada por ter sido a cociñeira das vodas antes de que estes festexos se celebrasen en restaurantes. Traballa para negocios de restauración da zona e fai de comer nos eventos e festexos da veciñanza, levando a cabo practicamente ela soa todo o proceso. Os seus pratos quedaron no recordo de moitos veciños e veciñas, así como a súa destreza para cociñar para moita xente.

As xornadas de María deberon ser infinitas, que queda viúva nova. No seu entorno din dela que era coma o «sancristán de sete parroquias», en alusión á súa capacidade para facer moitas cousas nun día. Ademais desta faceta traballaba no campo, atendía os animais, coidaba os netos en ausencia da súa filla emigrada, acudía aos partos cando a chamaban e poñía inxeccións a outros veciños e veciñas. Traballos polos que case recibe nunca remuneración, pero de moita importancia para as persoas do lugar.

Natividad Martínez de Pan

1918 - 2009



Aínda en tempos escuros para as mulleres, húbboas que dedicaron a súa vida á investigación, a escrita, a recuperación e divulgación do patrimonio. Este é o caso de Natividad Martínez de Pan.

«Nati de Pan» críase nunha familia labrega próspera de Guísamo e axuda na escola da súa irmá. Aмосa unha forte vocación pola historia, como demostra o feito de que na súa casa montase un pequeno museo sobre as orixes da casa, con apeiros de labranza e outros obxectos de interese etnográfico. A partir dos 40 anos comeza a escribir, elaborando tres obras principais: *Guísamo, su arte y su historia*, a autobiografía *Algunos de mis relatos*, e unha triloxía de novelas, nas que abundan os personaxes femininos e se aborda entre outros o tema da Guerra Civil. Conta tamén con diarios de todos os anos da súa vida.

Involúcrase na vida social de Guísamo a través da Sociedade Recreativa, da que seu pai fora un dos fundadores, e a través da igrexa, na que axuda con asiduidade. Remata os seus anos en Madrid e logo na residencia de Betanzos, aínda que sempre con nostalxia pola súa querida terra de Guísamo.

Indalecia Juana Pérez Mesa

1904 - 1995



Hai oficios, sobre todo desenvolvidos por mulleres, que nunca saen nos libros. Recollemos a historia de Indalecia como mostra de traballos populares que dan conta da nosa historia recente.

Dende mocidade emprende numerosas tarefas para gañar a vida, algunhas das cales poden resultar curiosas a ollos actuais. É costureira, practica o estraperlo na dura posguerra, e é curandeira: a xente do lugar acode á súa casa a quitar o mal de ollo, o aire de defuntos, ou facer o «polo aire» dos bechos cando os traba algún insecto. Ademais, como a maior parte das veciñas e veciños do seu tempo, dedícase a cultivar a terra.

Pero Indalecia é especialmente lembrada pola súa conexión co mundo do mar. Marisca ameixas e longueiróns na ría, cando este quefacer estaba permitido nas fértiles ribeiras de Bergondo. É unha das poucas persoas que ademais de auto-abastecemento fai venda do produto a clientes coma o «Cubano», veciño que rexentaba unha pequena casa de comidas na praia. É lembrada pola súa destreza nesta tarefa.

Carmen Miramontes Vidal

1936 - 2022



Quen habitou e coidou os lavadoiros foron case sempre mulleres. Figuras que merecen a nosa lembranza, como a de Carmen Miramontes.

Carmen nace no seo dunha familia labrega humilde. É especialmente recordada no lugar pola súa relación co lavadoiro de Cortiñán, como demostra o feito de que no 2020 un grupo de persoas da parroquia promoveuse o nomeamento deste espazo co seu nome e a colocación da placa que podes ver nel. Situado en fronte da súa casa, pasa boa parte do seu tempo neste lavadoiro, lavando e socializando con outras veciñas. A súa presenza aquí é tan habitual que pasa a coñecerse coma o «lavadoiro de Carmen».

É ela quen coida deste ben público durante moitos anos, axeitando o espazo de maneira altruísta. Mesmo nos tempos nos que cada quen ten xa a súa lavadora na casa, ela segue visitando e mantendo este ben común, evitando o seu deterioro. Os lavadoiros foron espazos cruciais na socialización das mulleres, onde compartir preocupacións, medos, risas e tempo. Hoxe están en desuso, pero seguen sendo parte do patrimonio cultural do concello, elementos cheos de lembranzas como a desta veciña.

Videoguías

Escanea os códigos QR e accede ás videoguías explicativas de cada unha das mulleres homenaxeadas por «Bergondo en feminino»



—Colocación das placas de renomeamento dos centros sociais no 2021



**Inés
de Ribadeneira**



**Xabiela
Fraga Sánchez**



**Filomena
Dato Muruais**



**María
Miramontes Matos**



**Jacinta
Landa Vaz**



**María
Fernández Sánchez**



**M^ª Antonia Calviño
Docampo**



**Mercedes
Núñez Targa**



**Luísa
Viqueira Landa**



**Antonia
Pato Pardo**



**María
Vázquez López**



**Natividad
Martínez de Pan**



**Indalecia Juana
Pérez Mesa**



**Carmen
Miramontes Vidal**




E ti, que sabes das mulleres do teu territorio?

Recuperar e divulgar a historia das mulleres do lugar onde vivimos é unha tarefa para todas e todos. Pregunta na túa familia, entre a veciñanza, e anota aquí o nome dalgunha figura que creas que paga a pena recordar:

Mapa Bergondo en Feminino

Neste mapa podes coñecer o conxunto de mulleres que o proxecto Bergondo en feminino investigou, divulgou e homenaxeou entre 2019 e 2022.





A vida destas mulleres está asociada a algúns lugares do noso municipio. Podes seguir as súas pegadas emprendendo o seguinte percorrido:

- | | | |
|--|--|---|
| <p>1. Cemiterio de Moruxo e Pazo do Curro, Moruxo
Filomena Dato</p> | <p>6. Babio, 12, Santa Marta de Babío
Xabiela Fraga</p> | <p>11. Cangas, 21, Ouces
María Vázquez López</p> |
| <p>2. Cemiterio de Ouces
Luísa Viqueira</p> | <p>7. Miodelo, 11, Bergondo
M^a Antonia Calviño</p> | <p>12. A Brea, 168, Guisamo
Natividade Martínez de Pan</p> |
| <p>3. A Campiña, 28, Lubre
Maruxa do Chelo</p> | <p>8. Pazo de Mariñán, Bergondo
Inés de Ribadeneira</p> | <p>13. Moruxo, 72, Moruxo
Indalecia Juana Pérez Mesa</p> |
| <p>4. Guisamo
María Miramontes*</p> | <p>9. O Caño, 24, Bergondo
Mercedes Núñez</p> | <p>14. O Casal, 17, Cortiñán
Carmen Miramontes Vidal</p> |
| <p>5. Quinta do Cortón de San Vitorio, Vixoi
Jacinta Landa</p> | <p>10. O Outeiro, 5, Ouces
Antonia Pato Pardo</p> | |

*Non se coñece ningún punto concreto asociado á súa familia.

